

ACTA Nº 5/2016

SESION ORDINARIA - PLENO MUNICIPAL - DIA 31 DE MARZO DE 2016

<p>MARXE QUE SE CITA:</p> <p>ASISTENTES</p> <p>PRESIDENTE:</p> <p>ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG</p> <p>CONCELLEIROS/AS:</p> <p>ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG</p> <p>HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG</p> <p>XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG</p> <p>TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG</p> <p>RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG</p> <p>M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP</p> <p>ELISA BOUZAS VICENTE.- PP</p> <p>M^a JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP</p> <p>CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP</p> <p>M^a CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE</p> <p>FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE</p> <p>M^a DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE</p> <p>MARTÍN COMOJO VICENTE.- PSOE</p> <p>JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON</p> <p>CONCELLEIROS AUSENTES:</p> <p>ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON</p> <p>SECRETARIO:</p> <p>DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ</p>	<p>Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia do Secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.</p> <p>Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte</p> <p>ORDE DO DIA</p> <p>IPARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS</p> <p>1Aprobacións das actas das sesións do Pleno do Concello que tiveron lugar o 25/02/2016, Acta nº 2016/03 e o 15/03/2016, Acta nº 2016/04</p> <p>IPARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO</p> <p>1Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o 01/02/2016 ata 29/02/2016 que van dende o nº 22/2016 ao nº 66/2016.- e das actas da Xunta de Goberno local: acta nº 3 ordinaria de 08/02/2016 e acta nº 4 ordinaria de 22/02/2016</p> <p>2Dación de conta da Aprobación do Plan orzamentario a medio prazo do período 2017-19</p> <p>3Mocións de urxencia</p> <p>4Rogos e preguntas</p>
---	--

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 Aprobacións das actas das sesións do Pleno do Concello que tiveron lugar o 25/02/2016, Acta 2016/03 e o 15/03/2016, Acta nº 2016/04

•Acta 2016/3 Pleno ordinario de 25/02/2016

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non hai observacións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	QUINCE	6 de BNG 4 de PP 4 de PsdeG-PSOE 1 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR á acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/02/2016, Acta nº 2016/03.

SEGUNDO. INCORPORAR dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

•Acta 2016/4 Pleno extraordinario urxente de 15/03/2016

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non hai observacións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	QUINCE	6 de BNG 4 de PP 4 de PsdeG-PSOE 1 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR á acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 15/03/2016, Acta nº 2016/04.

SEGUNDO. INCORPORAR ditas actas ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 01/02/2016 ATA 29/02/2016 QUE VAN DENDE O Nº 22/2016 AO Nº 66/2016.- E DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: ACTA Nº 3 ORDINARIA DE 08/02/2016 E ACTA Nº 4 ORDINARIA DE 22/02/2016.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2016 ata o 29/02/2016, que comprenden os números 22/2016 ao 66/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 3 da Sesión ordinaria do día 08/02/2016

- Acta Nº 4 da Sesión ordinaria do día 22/02/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

3 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO DO PERÍODO 2017-19.

O Pleno toma coñecemento da Resolución de Alcaldía nº 86/2016 de 11 de marzo de 2016 que na súa parte dispositiva di:

“PRIMEIRO

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo do período 2017-19:

1. INGRESOS

No caso dos ingresos correntes pártense dos datos do 2016 ao que hai que matizar o seguinte:

- Ibi:

1. Anualmente prevese un incremento provocado pola minoración de 10 puntos porcentuais do coeficiente corrector a aplicar sobre a base impoñible, derivada da Ponencia de valores aprobada en 2012, o que da lugar a un incremento incluído noutras medidas polo lado dos ingresos.

2. No ano 2015 prevese, xunto co incremento anterior as seguintes variacións incluídas nas políticas de ingresos:

2.1) Medida 1: a minoración da recadación estimada en 23.447,64 € e igual ao incremento derivado da aprobación da Ponencia de valores, derivase da modificación do tipo de gravame do Ibi urbana de 0,60% a 0,59%.

- Prevese como ingreso financeiro o préstamo provincial do Plan de Aforro e Investimento (2016) de 222.852,95 €, que se destinaría á amortización extraordinaria de débeda para aforrar custos financeiros.

Ingresos	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Ingresos corrientes	6.606.490,09	1,66%	6.715.984,89	1,20%	6.796.909,59	1,21%	6.878.982,78
Derivados de evolución tendencial	6.606.490,09	1,30%	6.692.484,89	1,21%	6.773.409,59	1,21%	6.855.482,78
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	#DIV/0!	23.500,00	0,00%	23.500,00	0,00%	23.500,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias	-23.447,64						
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados							
Medida 3: Correcta financiación de taxas y precios públicos							
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos	23.447,64		23.500,00	0,00%	23.500,00	0,00%	23.500,00
Ingresos de capital	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46
Derivados de evolución tendencial	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos no financieros	7.086.694,55	1,55%	7.196.189,35	1,12%	7.277.114,05	1,13%	7.359.187,24
Derivados de	7.086.694,55	1,21%	7.172.689,35	1,13%	7.253.614,0	1,13%	7.335.687,24

evolución tendencial					5		
Derivados de modificaciones de políticas	0,00	#DIV/0!	23.500,00	0,00%	23.500,00	0,00%	23.500,00
Ingresos financieros	224.852,95	-99,11%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Derivados de evolución tendencial	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Derivados de modificaciones de políticas	222.852,95						
Ingresos totales	7.311.547,50	-1,55%	7.198.189,35	1,12%	7.279.114,05	1,13%	7.361.187,24
Derivados de evolución tendencial	7.088.694,55	1,21%	7.174.689,35	1,13%	7.255.614,05	1,13%	7.337.687,24
Derivados de modificaciones de políticas	222.852,95	-89,45%	23.500,00	0,00%	23.500,00	0,00%	23.500,00

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.366.042,22	2,80%	2.432.216,22	1,51%	2.468.953,70	1,50%	2.505.955,93
Ibi	1.716.842,22	3,12%	1.770.342,22	1,33%	1.793.842,22	1,31%	1.817.342,22
Iae	56.000,00	2,00%	57.120,00	2,00%	58.262,40	2,00%	59.427,65
Ivtm	560.000,00	2,00%	571.200,00	2,00%	582.624,00	2,00%	594.276,48
Iivtnu	17.700,00	2,00%	18.054,00	2,00%	18.415,08	2,00%	18.783,38
Icio	15.500,00	0,00%	15.500,00	2,00%	15.810,00	2,00%	16.126,20
Cesión impuestos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos anter.					0,00		
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.200.000,00	2,00%	1.224.000,00	2,00%	1.248.480,00	2,00%	1.273.449,60

Cap 4. Transferencias crr	3.039.947,87	0,64%	3.059.268,67	0,64%	3.078.975,8 9	0,65%	3.099.077,25
PTE	2.073.907,87	0,00%	2.073.907,87	0,00%	2.073.907,8 7	0,00%	2.073.907,87
Resto cap 4	966.040,00	2,00%	985.360,80	2,00%	1.005.068,0 2	2,00%	1.025.169,38
Capítulo 5. Ingresos patrimoniales	500,00	0,00%	500,00	0,00%	500,00	0,00%	500,00
Total de ingresos corrientes	6.606.490,09	1,66%	6.715.984,89	1,20%	6.796.909,5 9	1,21%	6.878.982,78

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/201 7	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/201 8	Año 2019 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46
Total de ingresos de capital	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46	0,00%	480.204,46

A) Detalle de ingresos financieros	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/201 7	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/201 8	Año 2019 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financieros	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financieros	222.852,95		0,00		0,00		0,00
Total de ingresos financieros	224.852,95	-99,11%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00

2. GASTOS

- No caso dos xuros utilizouse un criterio de prudencia fronte á situación actual do euríbor negativo

- Contéplase a previsión dos vencementos do préstamo tras adicar o préstamo provincial do PAI a unha amortización extraordinaria para acadar aforro de custos financeiros. Tras a dita amortización habería unha redución de amortización

ordinaria de capital pendiente a partir do 2017, e incluso de 2016, aínda que neste ano non se considera por prudencia.

Gastos	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Gastos corr	5.723.557,09	-0,38%	5.701.835,17	1,61%	5.793.745,16	1,35%	5.871.788,38
<i>Derivados de evolución tendencial</i>	5.723.557,09	-0,38%	5.701.835,17	1,61%	5.793.745,16	1,35%	5.871.788,38
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00	0,20 cm	0,00		0,00
<i>Medida 1: Reducción de costes de personal</i>							
<i>Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib</i>							
<i>Medida 3: Limitación de salarios en los contratos</i>							
<i>Medida 4: Reducción del nº consejeros</i>							
<i>Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias</i>							
<i>Medida 6: Reducción del personal de confianza</i>							
<i>Medida 7: Contratos a internalizar</i>							
<i>Medida 8: Disolución de empresas pdas.</i>							
<i>Mdida 9: Estudios de viabilidad en inv</i>							
<i>Medida 10: Reducción de citos menores</i>							
<i>Medida 11: Reducción de cargas admvas</i>							

Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras							
Gastos de capital	585.374,50	6,04%	620.749,00	4,71%	650.000,00	2,00%	663.000,00
Derivados de evolución tendencial	585.374,50	6,04%	620.749,00	4,71%	650.000,00	2,00%	663.000,00
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras							
Gastos no financieros	6.308.931,59	0,22%	6.322.584,17	1,92%	6.443.745,16	1,41%	6.534.788,38
Derivados de la evolución tendencial	6.308.931,59	0,22%	6.322.584,17	1,92%	6.443.745,16	1,41%	6.534.788,38
Derivados de modificaciones políticas	0,00		0,00		0,00		0,00
Gastos financieros	534.338,29	-41,71%	311.485,34	-47,95%	162.113,87	5,46%	170.957,67
Derivados de evolución tendencial	534.338,29	-41,71%	311.485,34	-47,95%	162.113,87	5,46%	170.957,67
Derivados de modificaciones políticas							
Gstos totales	6.843.269,88	-3,06%	6.634.069,51	-0,43%	6.605.859,03	1,51%	6.705.746,05
Derivados de evolución tendencial	6.843.269,88	-3,06%	6.634.069,51	-0,43%	6.605.859,03	1,51%	6.705.746,05
Derivados de modificaciones	0,00		0,00		0,00		0,00

políticas							
-----------	--	--	--	--	--	--	--

A) Detalle de gastos corrientes	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Capítulo 1. Gastos de personal	2.464.355,01	1,00%	2.488.998,56	1,00%	2.513.888,55	1,00%	2.539.027,43
Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios	3.000.000,00	2,00%	3.060.000,00	1,70%	3.112.020,00	1,70%	3.164.924,34
Capítulo 3. Gastos financieros	131.365,47	-80,97%	25.000,00	60,00%	40.000,00	0,00%	40.000,00
Capítulo 4. Transferencias corrientes	127.836,61	0,00%	127.836,61	0,00%	127.836,61	0,00%	127.836,61
Total de gastos corrientes	5.723.557,09	-0,38%	5.701.835,17	1,61%	5.793.745,16	1,35%	5.871.788,38

A) Detalle de gastos de capital	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017, 20 cm7	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Capítulo 6. Inversiones reales	585.374,50	6,04%	620.749,00	4,71%	650.000,00	2,00%	663.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	#DIV/0!	0,00	#DIV/0!	0,00		0,00
Total de gastos de capital	585.374,50	6,04%	620.749,00	4,71%	650.000,00	2,00%	663.000,00

A) Detalle de gastos financieros	Año 2016 (€)	% taxa variación 2017/2016	Año 2017 (€)	% taxa variación 2018/2017	Año 2018 (€)	% taxa variación 2019/2018	Año 2019 (€)
Capítulo 8. Gastos por activos financieros	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00	0,00%	2.000,00
Capítulo 9. Gastos por pasivos	532.338,29	-41,86%	309.485,34	-48,26%	160.113,87	5,52%	168.957,67

financeiros							
Total de gastos financeiros	534.338,29	-41,71%	311.485,34	-47,95%	162.113,87	5,46%	170.957,67

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2017-19 son:

Data	CV
31/12/16	688.277,26
31/12/17	528.163,39
31/12/18	399.724,43
31/12/19	249.000,17

Nos axustes SEC inclúese un dato negativo en 2016 polo efecto do investimento previsto no alumeado público incluído dentro dun contrato de servizos enerxéticos. O investimento valórase en 1.707.488 € e completárase na súa totalidade en 2016, polo que, aínda que se pague ao longo da vida do contrato (10 anos), en termos de estabilidade orzamentaria, compútase como gasto no exercicio corrente. Deste xeito, prevese un axuste neto de -1.500.000 € en 2016, que se irá compensando nos 9 anos seguintes.

SEGUNDO

Que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste acordo para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

TERCEIRO

Que este acordo sexa remitido ao Pleno para o seu coñecemento na próxima sesión que se celebre...”

4 MOCIÓNS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

4.1.-MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE Ó ACORDO ALCANZADO ENTRE A UE E TURQUÍA PARA A EXPULSIÓN MASIVA DOS REFUXIADOS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE Mª Carmen Figueira Ares xustifica a urxencia na inhumanidade do acordo o que fai urxente que Europa o rectifique para evitar sufrimentos innecesarios.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **ratificada por unanimidade dos 15 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a entrada en vigor do acordo entre a Unión Europea e Turquía polo que se permite a expulsión masiva das persoas refuxiadas que tentan entrar no territorio da Unión Europea e que veñen fuxindo dos seus países en guerra, consideramos que con este pacto a Unión Europea non está a respectar os convenios internacionais sobre o dereito internacional de asilo.

Non recoñecemos esta Europa, e cremos que non se pode facer un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas como moeda de cambio, porque o consideramos inadmisibile.

Creemos na Unión Europea e no que representa, por iso rexeitamos as decisións que debilitan o concepto da Europa humanitaria que defendemos.

Mostramos a nosa adhesión coas peticións de denuncia, rexeitamento e esixencia da retirada deste acordo entre a Unión Europea e Turquía para devolucións masivas que fan as organizacións non gobernamentais, o Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas e activistas a prol dos dereitos humanos, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

Dende este posicionamento rotundo, tamén dicimos que non compartimos a retirada da bandeira da Unión Europea das institucións democráticas. A nosa proposta é que a bandeira ondee a media asta para simbolizar que o espírito da Europa que queremos está a debilitarse con decisións inxustas como esta.

É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo presenta a seguinte **Moción** para o seu debate e aprobación en Pleno dos seguintes acordos:

1.- **Esixir** á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, **instar** ó Goberno da Unión Europea e aos Estados membros **a retirada deste acordo** que non respecta o dereito internacional de asilo nin os convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

2.- **Instar** á UE e ós seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros.

3.- **Apoiar** as iniciativas que organicen a cidadanía e as ONGs (que son os que están mostrando máis sensibilidade con este problema ata este momento) dirixidas a axudar a esta poboación refuxiada que está sendo maltratada deste xeito.

4.- No concello de Rianxo a bandeira da Unión Europea **ondeará a media asta** para simbolizar que o espírito da Europa que queremos está a debilitarse con decisións tan inxustas coma as deste acordo.>>

Ábrese unha quenda de intervención.

Intervén Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o seu voto a favor.

Sinala que “O grupo municipal de Rianxo en Común condena o acorda ilegal da EU e Turquía e por suposto que vai apoiar os seguintes acordos, ademais gustaríanos engadir un máis no que instamos ó goberno de España á paralización inmediata das devolucións en quente de Ceuta e Melilla e cumprir a normativa internacional de dereitos humanos, a cal o goberno rastreiro do PP os está a violar, tales coma o Artigo.1,2,3 Dereito a vivir, a liberdade e a seguridade da súa persoa, o 5, 6 e así moitos máis...

Podemos levar as mans a cabeza e escandalizarnos polo acordo entre a UE e Turquía en materia de refuxiados cando na fronteira sur de España faise o mesmo coas persoas que fuxen de conflitos armados e a quenes se poñen en perigo, grazas a herdanza das políticas fascistas do franquismo . Tales políticas coma a lei de seguridade cidadán ou máis ben chamada “lei mordaza” na cal se ampara o desgoberno do PP na Disposición Final Primeira enmenda para protexerse xuridicamente e facer así o seu antoxo o que lle pete, a cal nos resta dereitos e impide o dereito o asilo.

O ministro de asuntos exteriores do PP expresou que as expulsións colectivas de inmigrantes tratan os seres humanos como maletas. Pura demagogia populista

O Pleno do Senado rexeitou este mércores cos votos do PP, e a abstención de Cidadáns, unha moción de Podemos-En Comú-Compromís-En Marea que pedía poñer fin as “devoluciones en quente” de inmigrantes a Marrocos po las fronteiras españolas de Ceuta y Melilla. El gobierno popular de Mariano Rajoy ha rechazado las expulsiones inmediatas de migrantes y refugiados en Grecia ante el reciente pacto de la UE y Turquía.

E Así o PP volveu mostrar a súa demagogia populista rexeitando no Senado acabar coas “devolucións en quente” que condena en Bruselas. O pura demagogia”.

Intervén Vanesa Martínez Durán (PP).

Pide incluír a seguinte transaccional:

“O Pleno do Concello de Rianxo súmase á declaración institucional adoptada o 16 de marzo no Congreso dos Deputados en relación ao tratamento dos refuxiados e manifesta a súa oposición radical a calquera expulsión de tipo colectivo, á vez que demandamos nesta materia o cumprimento da legalidade internacional e o respecto dos Dereitos Humanos, e en particular no referente a unha tramitación individualizada do dereito de asilo, que deberá realizarse de acordo coa Directiva sobre procedementos de asilo en cooperación co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os refuxiados (ACNUR)”.

De aceptarse, o seu grupo votaría a favor da moción.

Intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o seu apoio á moción.

Sinala que xa o equipo de goberno adoptou a decisión de arria-la bandeira da Unión Europea como exteriorización da repulsa que provoca o acordo adoptado. Xustifica que esta medida e máis contundente que iza-la a media asta.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Sinala que é máis impáctante te-la bandeira a media asta que agochada.

Intervén Vanesa Martínez Durán (PP).

Lembra que as bandeiras se poñen para que se vexan.

intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Di que sente noxo pola postura da Unión Europea.

Intervén o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Di que sente noxo ante a actitude da Unión Europea; con que se pague a un país (Turquía), para non asumir as súas responsabilidades cos refuxiados; con que Europa esqueza cando eran os europeos os que emigraban e pedían asilo.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PsdeG-PSOE).

Acepta a inclusión da fronteira sur de España na moción e a transaccional do Partido Popular.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	QUINCE	6 de BNG 4 de PPdeG 4 de PSdeG-PSOE 1 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a moción do PSdeG-PSOE sobre o acordo entre a Unión Europea e Turquía sobre a expulsión masiva de emigrantes (RE 1650 do 23/04/2016)

SEGUNDO. ADHERIRSE á declaración institucional adoptada o 16 de marzo no Congreso dos Deputados en relación ao tratamento dos refuxiados e manifesta a súa oposición radical a calquera expulsión de tipo colectivo, á vez que demandamos nesta materia o cumprimento da legalidade internacional e o respecto dos Dereitos Humanos, e en particular no referente a unha tramitación individualizada do dereito de asilo, que deberá realizarse de acordo coa Directiva sobre procedementos de asilo en cooperación co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os refuxiados (ACNUR)

TERCEIRO. INSTAR ó Goberno da Unión Europea e aos Estados membros a retirar o acordo entre a Unión Europea e Turquía polo que se permite a expulsión masiva das persoas refuxiadas que tentan entrar no territorio da Unión Europea e que veñen fuxindo dos seus países en guerra xa que non respecta o dereito internacional de asilo nin os convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

CUARTO. INSTAR ao Goberno de España a que poña fin á expulsións “en quente” de inmigrantes a Marrocos polas fronteiras españolas de Ceuta e Melilla

QUINTO. INSTAR á UE e ós seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que possibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros.

SEXTO. APOIAR as iniciativas que organicen a cidadanía e as ONGs (que son os que están mostrando máis sensibilidade con este problema ata este momento) dirixidas a axudar a esta poboación refuxiada que está sendo maltratada deste xeito.

SÉTIMO. IZA-LA bandeira da Unión Europea a media asta para simbolizar que o espírito da Europa que queremos está a debilitarse con decisións tan inxustas coma as deste acordo.

5 ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Juan Antonio Losada Martínez (Rianxo en Común – Son).

Formula os seguintes:

“O concello de Rianxo vai recibir un investimento de 4 millóns de euros para a mellora do saneamento, dos cales unha boa parte ira destinado a un tanque de tormentas. O tanque de tormentas e unha infraestrutura do alcantarillado adicada a capturar e reter a auga de chuvía cando hai precipitacións fortes, non é depuradora só un aliviadeiro que cando enche tamén o hai que aliviar, ademais iso non mellorara a depuración o estar xa sobrealimentado o sistema de depuración. Non sería máis adecuado separar ben as augas fecais das augas pluviais?

O novo parque de Brión da calambres pola electricidade estática, teñen pensado poñerlle solución?

Os postos do mercado están nunha situación irregular, que ten pensado facer o equipo de goberno?

No patio do colexio A.D.R Castelao hai palés, chapas etc. Rogamos que se poñan en contacto co centro para arranxa esta situación de perigo e inseguridade.

Seguimos traballando cos orzamentos da anterior lexislatura, parécenos bastante escandalosa esta situación, a este paso non se aprobarán antes de xuño e xa levaremos medio ano traballando cos presupostos da anterior corporación. De seguir así plantexaremosnos a nosa participación. Para cando se vai a tramitar a súa elaboración?

Pedimos darlle unha solución ao cruce de Tanxil, “non un espello”, un espello xa o hai e non soluciona os problemas de visibilidade, propoñemos facer unha rotonda ou algo polo estilo e ademais unha veira rúa dende cruce ata a seguinte rotonda que vai a Praia de Tanxil que garanta a seguridade dos peóns.

O concello de Rianxo pediu a subvención para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a

pequena escala mediante o fomento da accesibilidade e a sinalización nos recursos turísticos no medio rural?

Os pasos de peóns están bastante desgastados, pedimos o seu repintado o antes posible.

A acera que hai diante de Comercial Ruben ten un desnivel moi grande o cal pode ocasionar caídas a distinto nivel, pedimos que se poña unha barandilla, pasamáns ou algunha medida de seguridade.

Na continuación da acera que nomeei antes falta unha tapa de ferro do rexistro da auga, solicitamos a súa reposición”.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PsdeG-PSOE).

Fai os seguintes: que se faga un seguimento das zonas públicas no ámbito rural – papeleiras, alumeado, etcétera –; pide que se arranxen os espellos rotos nos cruces de vías con pouca visibilidade; que se faga un estudo sobre onde é necesario poñer pasos de peóns para evitar riscos aos peóns; pide o arranxo da fonte e das farolas na praza de Galicia; pregunta polo saneamento e o abastecemento de auga nas parroquias de Rianxo ás que aínda non chegou; se é posible ter policía local pola noite; a frecuencia do mantemento do alumeado público; a propiedade de vivendas de protección oficial; pola pista de Sestelo a Piñeiro; e se hai previsto aprobar algunha ordenanza relativa ás mascotas.

Intervén Vanesa Martinez Duran (PP).

pregunta polas licitacións do alumeado público e da recollida do lixo.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Sobre a recollida do lixo comunica que a concesionaria da prestación do servizo na Mancomunidade (FCC) considera que é unha modificación contractual polo que antes de prestar o servizo a Rianxo, hai que modificar o contrato; a Mancomunidade entende que non e será unha cuestión que diriman os servizos xurídicos.

Sobre a licitación do alumeado público comunica que están traballando os técnicos co concello cunha empresa especializada e que espera que entre maio e xuño poda licitarse.

Sobre a ordenanza relativa ás mascotas di que xa se utiliza a Ordenanza sobre o medio ambiente para impoñer sancións.

Sobre a pista de Sestelo a Piñeiro sinala que incluíuse no programa de camiños rurais.

Sobre o servizo da Policía Local en horario nocturno, di que xa fai algunhas noites pero que, para facer todos os servizos requírese unha cantidade de axentes cos que non conta o concellos xa que entre baixas e xubilacións o corpo anda escaso de efectivos. Anuncia que vaise convocar unha oferta de emprego para 6 auxiliares de policía.

Sobre a terra caída en Arcos de Moldes di que esixíuselles aos donos retirar a terra e que adoptasen medidas para que non volvea a suceder.

Sobre os pasos de peóns di que é un tema complexo. É partidario de elimina-los nas proximidades das curvas; respecto ao repintado di que corresponde á

Deputación o mantemento dos seus viais e que o concello pintará os dos viais da súa competencia.

Sobre a rotonda en Tanxil di que hai un proxecto da Deputación no que se inclúen beirarrúas pero que implica expropiacións. Sinala que no PXOM que estase tramitando xa se prevé a remodelación do cruce mediante unha actuación urbanística.

Sobre o transporte escolar sinala que falarase coa policía local; lembra que buscar ubicacións implica eliminar paradas.

Sobre a separación das augas pluviais das augas fecais sinala que si que sería mellor, pero que en conxunto as medidas que se están a poñer en marcha tales como tanque de tormentas, a depuradora biolóxica, novo colector, pozos de saneamento do río Te, etcétera, darán unha solución aos problemas que ten Rianxo co saneamento.

Sobre os calambres do parque Leiro, di que se falará coa empresa.

Sobre os postos do mercado, contesta non está en situación irregular e que estase preparando unha nova licitación; engade que estase vendo o xeito de incluír a pequenos produtores locais para que se podan instalar alí e vender os seus produtos e como impulsar e darlle nova vida ao mercado.

Sobre a subvención para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala mediante o fomento da accesibilidade e a sinalización nos recursos turísticos no medio rural, contéstalle que ten que preguntarlle aos técnicos e que no próximo pleno responderalle.

Remata invitando á Corporación aos actos convocados co motivo do Centenario das Irmandades da Fala. Lémbrale, así mesmo que o sábado 2 de abril, terá lugar en Rianxo un Plenario da Academia de Belas Artes

Sen ter máis asuntos que tratar o alcalde da por remata a sesión ás 20:50 horas da que se estende esta acta.

Como secretario, dou fe do seu contido.

O alcalde.

o secretario

Adolfo Muíños Sánchez

Dalmiro Núñez Méndez